

# HISTORIA DA FILOSOFÍA

## EXAME “COVID-19” KANT

O exame consta de 4 apartados:

- A) Comentario de texto ⇒ 2,5 puntos.
- B) Valoración persoal texto ⇒ 2,5 puntos.
- C) Test Kant ⇒ 4 puntos.
- D) Obras/Autores ⇒ 1 punto.

**DATA LÍMITE ENTREGA EXAME: VENRES 29 DE MAIO DO 2020**

### A) COMENTARIO DE TEXTO

Comenta o fragmento proposto empregando só a teoría que consideres necesaria de: *A lei moral en Kant*, para referencias, mellor comprensión, etc. **ACLARACIÓN**S.- O comentario deberá analizar o fragmento (conceptos fundamentais e argumentación) e relacionalo cun contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía), con corrección expresiva e gramatical.

**CONTEXTUALIZACIÓN: 0,25. COMENTARIO: 2,25. NOTA MÁXIMA COMENTARIO: 2,50 pts.**

Todos os seres racionais están, pois, baixo a lei segundo a cal cada un ha de tratarse a si mesmo e a todos os demais *en toda circunstancia simultaneamente como un fin en si mesmo e nunca como un simple medio*. Xorde de aquí unha sistemática ligazón de seres racionais por medio de leis obxectivas comúns, é dicir, un reino, o cal, posto que esas leis teñen precisamente por obxecto a relación destes seres entre eles como fins e medios, pode chamarse un reino dos fins (claro está só como ideal). (...) No reino dos fins todo ten ou ben un *prezo* ou ben unha *dignidade*. O que ten un prezo é aquilo en cuxo lugar pode ser posto algo como *equivalente*; o que, pola contra, está por encima de todo prezo, non admitindo, xa que logo, ningún equivalente, iso ten unha dignidade. O que se refire ás inclinacións e necesidades humanas ten un *prezo de mercado*; o que, mesmo sen presupoñer unha necesidade, se acomoda a un certo gusto, é dicir, a unha satisfacción do mero xogo, sen finalidade ningunha, das nosas facultades anímicas, ten un *prezo afectivo*; aquilo, non obstante, que constitúe a condición baixo a cal unicamente pode algo ser fin en si mesmo, iso, simplemente, non ten ningún valor relativo, é dicir, un prezo, senón un valor intrínseco, é dicir, *dignidade*. A moralidade é, pois, a condición unicamente baixo a cal un ser racional pode ser fin en si mesmo, porque só por medio dela é posible ser un membro lexislador no reino dos fins. Así pois, a moralidade e a humanidade, en canto capaz de moralidade, é o único que ten dignidade.

I. KANT; Fundamentación da metafísica dos costumes, Cap. 2

### B) VALORACIÓN PERSOAL DO TEXTO

**PUNTUACIÓN MÁXIMA: 2,5 PUNTOS**

**ALGÚNS TEMAS QUE PODES TRATAR (NON TEÑEN POR QUE SER ESTES, SENÓN OS QUE TI CONSIDERES OPORTUNOS ESTEAN OU NON NO SEGUINTE LISTADO DE SUXESTIÓNS):**

- QUE TEN MÁIS VALOR NO NOSO MUNDO (E PENSA NA CRISE DO COVID-19), O PREZO OU O VALOR? UN FERRARI, UN NOTARIO OU UN SANITARIO? QUEN COBRA MÁIS (“PREZO”) E QUEN TEN MÁIS “VALOR”?
- ESTÁS DE ACORDO COA DISTINCIÓN QUE FAI KANT ENTRE PREZO DE MERCADO E PREZO AFECTIVO? ALGÚN EXEMPLO PERSOAL?
- SÓ TEREMOS UNHA HUMANIDADE MORAL SE ESTÁ BASEADA NA DIGNIDADE, NO VALOR PROPIO DE CADA PERSOA? COINCIDES? QUE É PARA TI A DIGNIDADE?
- CRES QUE É POSIBLE QUE ALGÚN DÍA CHEGUEMOS A UN “REINO DOS FINS”, CHEO DE SERES RACIONAIS QUE SE TRATAN COMO FINS (DIGNIDADE) E NON COMO MEDIOS PARA CONSEGUIR ALGO (CARTOS, ÉXITO, MERCADORÍAS...)

**C) TEORÍA TIPO TEST – KANT (0,20 cada resposta acertada)****PUNTUACIÓN MÁXIMA: 4 PUNTOS**

- 1. Cal das seguintes afirmacións sobre os xuízos sintéticos non é correcta?:**
  - a) Son a posteriori.
  - b) Son universais.
  - c) Son certos ata que se demostre o contrario.
  - d) Proceden da experiencia.
- 2. Para Kant o problema histórico da metafísica fora a súa constante tendencia a caer en antinomias (contradicións) e falacias (falsas argumentacións). Segundo el, a que se debeu isto ao longo do tempo?:**
  - a) A tratar de explicar coa razón cousas fóra da experiencia.
  - b) A contrapoñer as ideas innatas coas percepcións sensoriais.
  - c) A ter separado a razón e a fe.
  - d) A considerar que é posible acadar un coñecemento universal.
- 3. Kant falaba de tres "conceptos puros" (Postulados) que non eran evidentes, nin se podían demostrar, pero que consideraba necesarios para que fose posible a moral. Cal dos seguintes non é un deles?:**
  - a) Deus.
  - b) Alma.
  - c) Espazo.
  - d) Liberdade.
- 4. Dentro do campo da moral, cando unha acción se considera un imperativo hipotético?:**
  - a) Cando non se chega a efectuar.
  - b) Cando ten valor universal.
  - c) Cando non segue as normas morais aceptadas na sociedade.
  - d) Cando depende dos desexos individuais.
- 5. Como denominou Kant a aqueles conceptos puros que son básicos na facultade do entendemento para poder relacionar e organizar os elementos que percibimos?:**
  - a) Causalidades.
  - b) Sensibilidades.
  - c) Categorías.
  - d) Transcendentais.
- 6. Que nome lles dá Kant a aqueles xuízos independentes da experiencia e que se poden considerar sempre verdadeiros?:**
  - a) Xuízos a posteriori.
  - b) Xuízos sintéticos.
  - c) Xuízos particulares.
  - d) Xuízos analíticos.
- 7. Para Kant, que disciplina debe estudar a acción humana e poder responder á pregunta "que debo facer"?:**
  - a) A epistemoloxía.
  - b) A moral.
  - c) A metafísica.
  - d) A relixión.
- 8. Que afirma o idealismo transcendental kantiano, a base para entender todo o seu pensamento?:**
  - a) É imposible afirmar ou desmentir a existencia de Deus.
  - b) O home percibe as cousas non como son, senón como lle gustaría que foran.
  - c) Existen ideas innatas que condicionan o noso coñecemento
  - d) O coñecemento é a mestura de sensacións e de condicións a priori.



- 9. Cal das seguintes afirmacións sobre o concepto da vontade segundo Kant non é correcta?:**
- a) Non pode actuar con liberdade polas ataduras morais.
  - b) Actúa baixo o postulado do libre albedrío (liberdade).
  - c) É creadora da súa propia moral.
  - d) Pode distinguir entre o ben e o mal.
- 10. Baixo que máxima se resume o imperativo categórico, fundamento básico na ética kantiana que pretende crear unha norma autosuficiente para regular o comportamento humano?:**
- a) Faille a un semellante o que non che gustaría que te fixeran a ti.
  - b) Obra de forma que desexes que a túa acción se converta en lei universal.
  - c) Actúa como se todos os teus actos puideran ser xulgados.
  - d) Fai o ben sen mirar a quen.
- 11. Para Kant, cales son as condicións a priori que fan posible a existencia de todos os fenómenos?:**
- a) O tempo e o espazo.
  - b) As ideas innatas.
  - c) As sensacións.
  - d) As ideas a posteriori.
- 12. Cal das seguintes afirmacións sobre os xuízos analíticos non é correcta?:**
- a) Son independentes da experiencia.
  - b) Son verdadeiros en todos os casos.
  - c) Son a posteriori.
  - d) Son universais.
- 13. O contacto coas ideas de que filósofo supuxo un cambio no pensamento de Kant, tendendo cara ao empirismo ao ter espertado, segundo as súas palabras do seu "soño dogmático"? :**
- a) René Descartes.
  - b) Jean-Jacques Rousseau.
  - c) David Hume.
  - d) Gottfried Leibniz.
- 14. Para Kant, a historia da filosofía atravesa diversas etapas ata chegar á época que lle tocou vivir. Cal é a orde correcta desas etapas?:**
- a) Escepticismo. Criticismo. Dogmatismo.
  - b) Dogmatismo. Criticismo. Escepticismo.
  - c) Dogmatismo. Escepticismo. Criticismo.
  - d) Criticismo. Dogmatismo. Escepticismo.
- 15. Cal é a pregunta básica que trata de responder Kant sobre a metafísica e á que dedica parte dunha das súas obras fundamentais?:**
- a) Baixo que normas morais debe actuar o ser humano?
  - b) É posible un xuízo sintético a priori na metafísica?
  - c) Poden os xuízos a posteriori ser universais?
  - d) Existe o coñecemento máis alá da experiencia?
- 16. Cal é a obra cumio de Kant, publicada en 1781, e que trata de responder á pregunta: "Que podo saber?":**
- a) Crítica da razón pura.
  - b) Crítica do xuízo.
  - c) Fundamentación da metafísica dos costumes.
  - d) Crítica da razón práctica.

**17. Cando falamos de “xiro copernicano” en Kant, a que nos estamos a referir?:**

- a) A que a Terra non é o centro, senón que o é o Sol.
- b) A que son os obxectos os que lle impoñen condicións ao suxeito para poder coñecelos.
- c) A cambiar o xeocentrismo polo heliocentrismo.
- d) A que será o propio suxeito o que impoña condicións a priori para poder coñecer os obxectos.

**18. Cal é a orde que establece Kant dos tres posibles niveis do coñecemento?:**

- a) 1) Sensibilidade. 2) Razón pura. 3) Entendemento.
- b) 1) Entendemento. 2) Sensibilidade. 3) Razón Pura.
- c) 1) Sensibilidade. 2) Entendemento. 3) Razón pura.
- d) 1) Razón Pura. 2) Sensibilidade. 3) Entendemento.

**19. Cal é o único lexislador moral que se pode admitir segundo Kant?:**

- a) A liberdade.
- b) A vontade.
- c) Deus.
- d) O auténtico coñecemento.

**20. O criterio supremo da moral para Kant é?:**

- a) O imperativo hipotético.
- b) O reino dos fins.
- c) O deber polo deber.
- d) A heteronomía moral.

**D) OBRAS + CONCEPTOS****PUNTUACIÓN MÁXIMA 1 PUNTO**

Responde as breves cuestións seguintes:

- a) Indica a que filósofos corresponden os seguintes conceptos: *Nóumeno – Ética formal – Xuízo sintético a priori*
- b) Nomea tres obras de Kant (que non se correspondan coa do fragmento do exame).



*Moito ánimo!!!*

*Manuel Seixas, 21 Abril 2020*